



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade

Referencia: PREM-BATEL / 2026

Expediente convocatoria: 2025000054731

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO BANDEIRA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE BATEIS (PREM-BATEL / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Bandeira Deputación da Coruña de Bateis", e vistos os informes do Servizo de acción social, educación, deportes e mocidade, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras da "II Bandeira Deputación da Coruña de Bateis", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras da "II Bandeira Deputación da Coruña de Bateis", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria da II Bandeira Deputación da Coruña de Bateis, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial

**RPT-21603607

da Provincia da Coruña e finalizará catro (4) días naturais antes da celebración da proba, a través da plataforma habilitada para tal fin pola Federación Galega de Remo.

Quinto. Remitir esta resolución, así como a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

Primeira.- Obxecto

A II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña ten por obxecto:

- Incentivar o deporte federado nas categorías base, como elemento vertebrador e garante dunha práctica deportiva segura e de calidade.
- Fomentar a práctica do remo na modalidade de bateis.
- Impulsar a cohesión social e a participación cidadá na provincia, utilizando o deporte como instrumento de integración e dinamización.
- Promover a provincia e os seus municipios como territorios activos, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e social a través do deporte.

Segunda.- Categorías e distancias

A II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña disputarase nas seguintes categorías e distancias:

	Categorías	Distancias
Masculina	Alevín	500 m.
	Infantil	1.000 m.
	Cadete	1.500 m.
	Xuvenil	2.000 m.
	Sub 23	2.000 m.
Feminina	Alevín	500 m.
	Infantil	1.000 m.
	Cadete	1.500 m.
	Xuvenil	2.000 m.
	Sub 23	2.000 m.

Terceira.- Participantes

Poderán participar todos os clubs de remo, sen fins de lucro, que están a desenvolver a modalidade de Bateis, con domicilio fiscal na provincia da Coruña e legalmente constituídos antes da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

En cada unha das regatas que integran esta Bandeira competirán participantes das categorías base dos clubs da provincia, repartidos nas categorías e modalidades definidas na base 2.

Cada club poderá inscribir un equipo por categoría e modalidade (masculina e feminina).

3.1 Requisitos dos equipos

Os equipos (bateis) participantes, en cada categoría, deberán estar integrados por deportistas da devandita categoría ou pola categoría inmediatamente inferior.

Non obstante iso, un equipo (batel) poderá estar integrado por 4 remeiros/as da devandita categoría e por un patrón/a que poderá pertencer a outra categoría sempre que se cumpran as previsións regulamentarias do Código de Regatas da FEGAR no que ao peso se refire, sen que por iso sexa considerado como equipo (batel) mixto.

3.2 Requisitos das persoas participantes

As persoas participantes deberán estar en posesión de licenza federativa en vigor, e non ter sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición. Non poderán participar remeiros/as con licenzas federativas pertencentes a clubs distintos aos clubs participantes.

Cuarta.- Inscripcións

4.1.- Prazo de inscrición

O prazo de inscrición dos clubs participantes para tomar parte na “II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña” iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e finalizará catro (4) días naturais antes da celebración da proba.

4.2.- Forma de inscrición

A inscrición dos clubs participantes realizarase a través da Federación Galega de Remo, podendo inscribir cada entidade un máximo dun equipo por cada categoría e modalidade. A inscrición será gratuíta para todos os clubs participantes e para as persoas integrantes dos equipos.

As inscricións dos equipos (bateis) realizaranse a través da plataforma habilitada para tal fin e serán tomadas en consideración polo Comité de Regatas para a disputa da II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña.

As follas de inscrición dos equipos (bateis), formalizadas no modelo oficial establecido pola entidade organizadora, serán as únicas válidas para os efectos da participación na competición.

A substitución, baixa ou alta dalgunha das entidades participantes deberá ser comunicada á Deputación da Coruña coa antelación suficiente e, en todo caso, cun prazo mínimo de sete (7) días naturais anteriores á celebración da regata.

4.3.- Participación na final e substitucións

Tras a entrega da folla de inscrición na regata clasificatoria, esta será a que se tomará como referencia para a participación dos equipos (bateis) clasificados para a final da II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña.

Os equipos (bateis) clasificados para a disputa da final deberán participar cos mesmos deportistas que figurasen inscritos na folla de inscrición presentada para a regata clasificatoria. O patrón ou patroa poderá figurar inscrito/a simultaneamente en varios equipos.

O día da disputa da final, a delegada ou delegado de cada equipo (batel) deberá comunicar á Presidencia do Xurado da Regata os cambios ou substitucións que se realizasen, os cales deberán respectar o disposto nestas bases e na normativa de competición aplicable.

Poderase realizar un máximo de tres (3) substitucións, correspondentes a dous (2) remeiros/as e ao patrón ou patroa, sempre que as persoas substitutas figurasen como suplentes na folla de inscrición do correspondente equipo (batel) presentada para a regata clasificatoria.

Ningún remeiro ou remeira poderá disputar a final da II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña se participou na regata clasificatoria como integrante dun equipo (batel) que non acadase a clasificación para a final. Non se considerará participación, para estes efectos, a mera inclusión como suplente na folla de inscrición dun equipo que disputase a regata clasificatoria sen obter a clasificación para a final.

Quinta.- Desenvolvemento da actividade

5.1.- Lugar e datas

A II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña terá lugar en augas da provincia da Coruña e nas datas indicadas no calendario que precisará de aprobación e autorización previa por parte desta Deputación.

5.2.- Sistema de competición

A competición desenvolverase en dúas fases:

- **Regata clasificatoria**, na que participarán os equipos inscritos en cada categoría e modalidade.
- **Finais**, nas que participarán os equipos clasificados de acordo cos criterios establecidos nas presentes bases.

Terán dereito a tomar parte na final de cada categoría os equipos (bateis) que finalizasen nas cinco (5) primeiras posicións da regata clasificatoria, segundo os criterios de clasificación marcados polo Regulamento de Competición de Banco Fixo.

No caso de que un club cuxo equipo (batel) houberse conseguido os méritos deportivos sinalados anteriormente renunciase a tomar parte na final, a súa praza será asignada ao seguinte equipo clasificado na correspondente categoría, e así sucesivamente.

No caso de que na regata clasificatoria dunha categoría o número de equipos inscritos sexa igual ou inferior ao número de equipos clasificados para a final, todos eles quedarán automaticamente clasificados.

5.3.- Campo de regata, quendas e asignación de rúas

O campo de regata constará dun percorrido medido e sinalizado mediante bandeiras ou balizas claramente visibles situadas sobre as boias.

O percorrido deseñarase de xeito que se adapte ás características do emprazamento e garanta, na medida do posible, a igualdade entre as diferentes rúas.

As quendas serán distribuídas en función da clasificación da Liga Galega de Bateis (Zona Norte) da tempada en curso.

Se houberse algún equipo (batel) que non participase na competición, quedará relegado ao último posto desta clasificación; se houberse varios, sortearanse os postos entre as últimas prazas.

As quendas serán lanzadas, salvo que, por causa de forza maior, o Comité de Regata decida o contrario.

A asignación de rúas efectuarase mediante sorteo, celebrado unha hora e media (90 minutos) antes do comezo da primeira regata, e será realizado conforme ao disposto pola entidade organizadora ou pola persoa en quen delegue.

A confección das quendas na final da II Bandeira de Bateis realizarase en función da clasificación obtida polas tripulacións na regata clasificatoria, optando á final os cinco (5) equipos (bateis) clasificados segundo os criterios anteriormente sinalados.

5.4.- Embarcacións e material

As embarcacións participantes deberán cumprir as condicións técnicas e regulamentarias establecidas pola Federación Galega de Remo e, se é o caso, polo Código de Regatas (Banco Fixo) da Federación Española de Remo.

Para cumprir coas esixencias regulamentarias en canto ao peso das embarcacións se refire, será preciso cumprir coas establecidas no Código de Regatas (Banco Fixo) da Federación Española de Remo.

5.5. Normas de competición

As saídas realizaranse conforme ao disposto na normativa federativa de aplicación.

Como norma específica da II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña, entre quenda e quenda da mesma categoría haberá un intervalo de 1 minuto entre saídas.

Cando o cambio de quenda supoña un cambio de categoría, o intervalo entre saídas será de 5 minutos.

As incidencias que poidan producirse durante o desenvolvemento da competición serán resoltas polo Comité de Regatas de conformidade coa normativa federativa aplicable.

Sexta.- Clasificacións

6.1.- Sistema de puntuación

A puntuación para determinar os equipos gañadores de cada categoría e modalidade será a seguinte:

1º Clasificado	5 puntos
2º Clasificado	4 puntos
3º Clasificado	3 puntos
4º Clasificado	2 puntos
5º Clasificado	1 punto

6.2.- Criterios de desempate

No caso de empate na clasificación final por puntos, a bandeira será adxudicada ao club que obteña un maior número de primeiros postos. De persistir o empate, atenderase sucesivamente ao maior número de segundos postos, terceiros postos e así sucesivamente.

Se o empate persistise, a clasificación resolverase a favor do club que presente a menor suma dos tempos obtidos en todas as categorías computables.

Sétima.- Premios

7.1.- Bandeiras

Outorgaranse dúas bandeiras, unha na modalidade masculina e outra na modalidade feminina, aos clubs que acaden a maior puntuación total en cada modalidade.

7.2.- Medallas

As tres tripulacións máis rápidas de cada categoría recibirán medallas de ouro, prata e bronce, respectivamente.

7.3.- Premios económicos

Destinarase un importe total de 12.500 euros a premios por clasificación na II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña.

Os premios económicos concederanse aos tres (3) equipos mellor clasificados de cada categoría e modalidade, de acordo coa clasificación final obtida na competición, segundo a seguinte distribución:

Primeiros postos

Os equipos clasificados no primeiro posto de cada categoría percibirán en concepto de primeiro premio a cantidade de **550 euros**.

Segundos postos

Os equipos clasificados en segundo posto de cada categoría en concepto de segundo premio a cantidade de **450 euros**.

Terceiros postos

Os equipos clasificados en terceiro posto de cada categoría en concepto de terceiro premio a cantidade de **250 euros**.

Táboa desagregamento premios II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña

	Categorías	Primeiro equipo clasificado	Segundo equipo clasificado	Terceiro equipo clasificado
Masculina	Alevín	550,00€	450,00€	250,00€
	Infantil	550,00€	450,00€	250,00€
	Cadete	550,00€	450,00€	250,00€
	Xuvenil	550,00€	450,00€	250,00€
	Sub 23	550,00€	450,00€	250,00€
TOTAL PREMIOS MASCULINOS		6250,00€		
Feminina	Alevín	550,00€	450,00€	250,00€
	Infantil	550,00€	450,00€	250,00€
	Cadete	550,00€	450,00€	250,00€
	Xuvenil	550,00€	450,00€	250,00€
	Sub 23	550,00€	450,00€	250,00€
TOTAL PREMIOS FEMININOS		6250,00€		
TOTAL PREMIOS II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA				12.500€

O importe total dos premios ascende a **12.500 €** e imputarase á aplicación orzamentaria **0612/3411/481** do orzamento vixente.

7.4.- Aboamento de premios en metálico

A Deputación da Coruña emitirá unha resolución de concesión e pago, e tanto a concesión como o pago dos premios serán publicados na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación da Coruña aboará os premios mencionados na base anterior directamente aos clubs, en función da clasificación obtida e que consta na acta da clasificación das diferentes probas. As cantidades a percibir están suxeitas ás retencións legais correspondentes.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nesta proba, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os clubs participantes deberán achegar ao través da sede electrónica da

Deputación da Coruña (solicitud xeral), e con referencia "II Bandeira de bateis da Deputación de Coruña", a seguinte documentación:

- NIF do club participante.
- Enderezo de correo electrónico do club participante de notificación.
- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo de designación de conta bancaria que figura na páxina web da Deputación: https://sede.dacoruna.gal/sxc/export/sites/diputacion/recursos/downloads/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_CASTELLANO_1.pdf
- Certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.

Oitava.- Axudas de custo á participación

Polo feito de inscribirse e participar na II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña, cada equipo (batel) percibirá unha axuda de custo de 200,00 €, destinada a compensar os gastos extraordinarios derivados da participación na competición.

O aboamento desta axuda por parte da Federación Galega de Remo quedará condicionado á acreditación da participación efectiva do equipo, polo menos nas regatas clasificatorias, segundo certificación emitida pola Federación Galega de Remo.

O importe máximo destinado a estas axudas ascende a 34.000,00 €.

Novena.- Comité de regatas

O comité de regatas, poderá en todo momento, modificar e dar novas instrucións sobre canto se recolle nesta normativa, sendo o órgano competente para determinar se procede ou non a participación dun club, tripulación ou remeiro/a.

O comité de regatas estará formado por:

- Quen ostente a presidencia da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue (Deputado/a).
- Quen ostente a Presidencia da Federación Galega de Remo, ou persoa en quen delegue.
- Quen sexa responsable da Dirección da Regata
- Quen ostente a Presidencia do Xurado
- Unha persoa delegada dos clubs participantes, que será elixida por sorteo.

Décima.- Seguridade e responsabilidade

A organización adoptará as medidas de seguridade que resulten necesarias para o correcto desenvolvemento da competición, de conformidade coa normativa deportiva, marítima e de seguridade aplicable, así como coas autorizacións emitidas polos organismos competentes.

As persoas participantes deberán cumprir en todo momento as instrucións do Comité de Regatas, do persoal da organización e das autoridades competentes, observando as normas de seguridade establecidas para a celebración da proba.

Os clubs participantes serán responsables de que os seus deportistas estean en posesión da correspondente licenza federativa en vigor e cumpran os requisitos establecidos pola normativa

aplicable.

Todo equipo (batel), polo mero feito de formalizar a súa inscrición, comprométese ao cumprimento das presentes bases reguladoras da II Bandeira de Bateis Deputación da Coruña, así como das instrucións, acordos e resolucións adoptados polo Comité de Regatas e pola organización para o correcto desenvolvemento da competición.

Cada club participante asumirá a responsabilidade polos danos, perdas, roubos, accidentes ou calquera outra incidencia que poida sufrir ou ocasionar antes, durante ou despois da competición e que non sexan imputables á organización da proba.

Undécima.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Remo e mediante a súa inscrición o/a atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e clasificación popular da proba.

Duodécima.- Normativa

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto nos Estatutos e Regulamentos da Federación Galega de Remo e, se é o caso, no Código de Regatas (Banco Fixo) da Federación Española de Remo.

Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.